

# DISCOS NONI'S



**"Fun representante da compañía discográfica Polygram, técnico de comercio exterior e xerente dunha tenda Virgin"**

*Nonito Pereira Rey*

## Datos básicos

|                               |  |
|-------------------------------|--|
| <b>Actividade:</b>            | Tenda de música  |
| <b>Sector de actividade</b>   | Comercio maiorista e minorista   |
| <b>Nº empregados</b>          | 2  |
| <b>Inversión inicial</b>      | 30.000 €   |
| <b>Financiamento inicial:</b> | O investimento inicial financieino con recursos propios e cunha subvención da Xunta por me establecer como traballador autónomo. |
| <b>Web:</b>                   | <a href="http://www.myspace.com/polyrock77">www.myspace.com/polyrock77</a>   |
| <b>Municipio:</b>             | A Coruña, A Coruña   |
| <b>Ano creación:</b>          | 1997   |

## Descrición do proxecto

Trátase dunha tenda de discos especializada con opción a desenvolver nun futuro próximo a creación dun selo discográfico independente que dea saída ás expresións artísticas de formacións musicais galegas.

## Datos empresa

### Claves do éxito

- Un profundo coñecemento do sector.
- Dar servizo aos clientes desasistidos cun produto de difícil localización.
- O trato personalizado.
- Asesoramento en casos específicos.

### Situación actual

A situación actual é similar, ou mesmo peor á que nos enfrentamos cando iniciamos o proxecto. A piratería converteuse nunha grande ameaza para o futuro. Por outra banda, a chegada do euro obrigoume a realizar un desembolso considerábel en programas de xestión informática. Sería preferíbel destinar este desembolso á adquisición de mobiliario e outros equipamentos necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade. Na actualidade negocio liñas de crédito con entidades bancarias para afrontar eses pagos.

### Perfil cliente

Os meus clientes acostuman ser persoas con inquiredanzas por atopar produtos diferentes aos que ofrecen as grandes cadeas. Tamén acostuman ser veciños do barrio que optan por facer as compras perto da súa casa.



## Idea inicial

A idea xurdíume a raíz do meu obxectivo de traballar nun proxecto no que puidese aplicar os coñecementos adquiridos previamente.

## Principales dificultades y amenazas futuras

- A falta de recursos financeiros treou o investimento e, pola tanto, o crecemento potencial da empresa.
- A localización do establecemento nunha rúa con pouca actividade comercial constitúe un punto débil que orixina dificultades.

A principal ameaza do sector é a piratería e o elevado imposto (16%) que se aplica ao produto. Este encarecemento non nos permite ser moi optimistas de cara ao futuro.

## Perfil promotores

O promotor desenvolveu seminarios sobre marketing de servizos e xestión de actividades artístico - culturais.

Tamén aporta experiencia como representante da compañía discográfica Polygram, técnico de comercio exterior e xerente dunha tenda Virgin.

Aos trinta anos abre a súa tenda de música.

## Aptitudes necesarias

Sobre todo, un coñecemento profundo do sector no que se vai desenvolver a actividade.



## Guía de Actividad

**Comercio de proximidade : Tenda de discos** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

### Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta**  
**O reto que supón**

**Dirixir persoas e organizacións**  
**Saír do desemprego**

**A independencia que proporciona**  
**Demostrar aos demais as miñas capacidades**  
**Gañar cartos**  
**Ser o meu propio xefe**

### Formación

#### **¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Non, a dinámica da empresa facilítame experiencia para afrontar novos riscos. Os meus únicos coñecementos no campo empresarial son de marketing. Para levar a contabilidade conto cunha asesoría.

#### **¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

É necesaria, pero non garante o éxito do proxecto. Considero máis importante o coñecemento de ferramentas de xestión, informática e unha esmerada política nas adquisicións de produto.

### Anecdótico

Non dispoñible

